



Concello de Baralla

BASES “CONCURSO FOTOGRÁFICO “BARALLA, UN PARAÍSO ESCONDIDO EN 16 FOTOS, O NOSO CALENDARIO VECIÑAL”

PRIMEIRO.- OBXECTO

O Concello de Baralla convoca o concurso fotográfico “Baralla, un paraíso escondido en 16 fotos, o noso calendario veciñal”, co fin de fomentar a participación cidadá na elaboración do calendario municipal - veciñal 2025, promovendo así unha actividade comunitaria e compartida.

O calendario editarase coas 16 fotografías seleccionadas polo xurado, e, como cada ano distribuirase aos veciños do municipio de Baralla de forma gratuíta.

SEGUNDO.- MECÁNICA DO CONCURSO

- ✓ O concurso requirirá para a súa celebración dun mínimo de 16 participantes, no caso de non alcanzar este límite non se levará a cabo.
- ✓ Cada participante poderá presentar ata un máximo de 3 fotografías.
- ✓ Seleccionaranse 16 fotografías para a edición do calendario.
- ✓ Os/as participantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos a terceiros e de toda reclamación por dereitos de imaxe.

TERCEIRO.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso de fotografía todas aquelas persoas físicas, empadroadas ou non no municipio de Baralla.

CUARTO.- REQUISITOS DAS FOTOGRAFÍAS

- ✓ As fotografías deberán realizarse en calquera recanto do municipio de Baralla.
- ✓ Deberán ser orixinais, inéditas e actuais, e que non fosen expostas, publicadas ou difundidas por ningún outro medio.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

- ✓ Preferentemente non se tomarán imaxes nas que aparezan persoas, e, de ser o caso, as persoas aparecerán de forma que non se lles recoñeza a identidade, de espaldas ou coa cara non visible.
- ✓ Formato: JPG ou JPEG.
- ✓ Peso máximo dos arquivos: 10 MB (total das 3 fotografías).
- ✓ Encadre das imaxes: horizontal. Adaptable ao tamaño 10 x 12 cm, co fin de non ter que recortar as fotografías ou parte das mesmas para adaptala á maquetación do calendario.
- ✓ As fotografías deberán ter calidade suficiente para ser impresa no calendario físico.
- ✓ O arquivo orixinal previo a calquera edición terá un mínimo de resolución de 300 x 200 mm a 300 ppp.
- ✓ As fotografías non levarán sinatura, nin marca de auga, nin ningún outro sinal identificativo da persoa autora da mesma.

QUINTO.- INSCRICIÓN NO CONCURSO

5.1 Forma de presentación

As persoas que desexen participar no concurso fotográfico deberán remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo: concellobaralla@concellobaralla.es.

Cada participante só poderá facer unha única solicitude, é dicir, enviarase un único correo electrónico por participante.

No Asunto do correo electrónico farase constar: CONCURSO FOTOGRAFICO CALENDARIO 2025 e o nome e apelidos do/da participante.

No dito correo electrónico (concretamente no corpo da mensaxe) faranse constar todos os datos relativos ao/á solicitante e ás imaxes:

- ✓ Nome e apelidos do/a autor/a da fotografía
- ✓ DNI
- ✓ Enderezo postal, enderezo electrónico e número de teléfono
- ✓ Identificación de cada fotografía (Exemplo FOTOGRAFÍA 1: nome da fotografía)
- ✓ Identificación do lugar onde se sacou cada fotografía (Exemplo FOTOGRAFÍA 1: nome do lugar)

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

A/As fotografía/as obxecto de concurso, serán adxuntadas no correo electrónico no formato referido.

Cada fotografía será enviada nun arquivo adxunto individual, e o/os arquivos identificarase unicamente co número cardinal das fotografías que presenten (sexan 1, 2 ou 3). Por exemplo “FOTOGRAFÍA 1”.

De non constar algún dos datos requeridos ou estar incompletos quedarase automaticamente fóra do concurso.

Unha vez recibida a solicitude de participación no Concello, confirmarase a recepción do correo electrónico e remitirase copia rexistrada ao solicitante.

5.2 Prazo de inscrición

Do 4 de novembro de 2024 ás 00:00 horas, ao 24 de novembro de 2024 ás 23:59 horas (hora da recepción do correo electrónico).

SEXTO.- XURADO

O xurado estará composto por 3 membros designados polo Concello de Baralla.

O xurado proposto será o encargado de seleccionar as 16 fotografías que conformarán o Calendario municipal – veciñal 2025.

O resultado da valoración do xurado publicarase na páxina web do concello e nas redes sociais (facebook e instagram).

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase a orixinalidade, creatividade e representatividade do noso municipio nas fotografías.

Tamén se terá en conta a técnica e o tratamento fotográfico e a estética da imaxe.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221





Concello de Baralla

OITAVO.- PREMIOS

Como “mostra simbólica, representativa e significativa” do talento fotográfico do autor/a da instantánea, na edición do calendario, farase constar a identidade (nome e apelidos) do mesmo, sempre que así o autorice expresamente no correo electrónico de solicitude o/a participante.

NOVENO.- TRATAMENTO DAS IMAXES PARTICIPANTES

As fotografías presentadas quedarán en poder do Concello de Baralla, quen, sen ánimo de lucro, se reserva todos os seus dereitos para a súa utilización, reprodución ou difusión, facendo sempre mención á identidade da autoría das imaxes.

DÉCIMO.- PUBLICIDADE DAS BASES

O Concello de Baralla dará publicidade da convocatoria na súa páxina web www.concellodebaralla.es; no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e nas redes sociais (facebook e instagram).

DÉCIMO PRIMEIRO.- INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

A recollida e tratamento dos datos persoais, como consecuencia da participación no concurso, ten como única finalidade o correcto desenvolvemento do concurso.

Os datos facilitados serán incorporados aos ficheiros de datos titularidade do Concello de Baralla, para o exercicio das funcións e competencia atribuídas ao Concello de Baralla na lexislación vixente. Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal coas limitacións establecidas legalmente, no rexistro xeral do Concello, no enderezo R/ Evaristo Correa Calderón 48 – 27680 Baralla – Lugo.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

